

Protocolo para a preparación de propostas específicas para os centros para o bienio 2020-2022

Introdución

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, con data 12 de xuño de 2020, aprobou as medidas extraordinarias e urxentes para a posta en marcha da docencia no curso 2020/2021. Estas medidas requiren que todos os centros docentes se preparen a través dunha serie de disposicións que lles permitan pasar de xeito ordenado e rápido entre os tres escenarios docentes que se poden agardar durante o dito curso.

Á marxe desas medidas necesarias para todos os centros e as titulacións e que se abordarán, por tanto, de xeito transversal, parece conveniente aproveitar ata onde sexa posible e desexable os seus resultados. Podería debaterse se o momento actual é o máis adecuado para tratar iniciativas neste aspecto, pero a posibilidade aberta de que a Xunta de Galicia as financie, despexa a dita dúbida, xa que serían iniciativas que a universidade dificilmente podería abordar noutro momento co seu propio orzamento. Por todo isto, ponse en marcha o presente programa, no que os centros que queiran poderán propoñer as iniciativas que desexen desenvolver como **experiencias adicionais** innovadoras en titulacións concretas.

Estas iniciativas poderán ir na liña da renovación pedagóxica e da dotación de novas ferramentas que permitan mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe nas titulacións oficiais. Neste senso, ábrese a posibilidade de que titulacións completas inicien os traballos para poñer en marcha este tipo de iniciativas, a través da presentación de propostas que se poidan aprobar como experiencias para este bienio e que sirvan para un período de tempo máis longo. Non se propoñen liñas concretas de actuación, senón que se pretende que os centros, na medida das súas capacidades e como froito dunha reflexión, propoñan iniciativas que poderían ir desde a integración de novas ferramentas, como poden ser os contornos de laboratorios virtuais ou o uso da realidade aumentada, ata a introdución de novas metodoloxías docentes e/ou de avaliación.

Tampouco se deben perder de vista as positivas experiencias xa levadas a cabo na nosa universidade no referente á posta en marcha de modalidades de docencia semipresencial ou virtual que complementen ás de docencia presencial. A Universidade de Vigo xa leva tempo impartindo tres graos e máis dunha decena de mestrados na modalidade semipresencial o que lle serviu, entre outras cousas, para solucionar os problemas da falta de matrícula que tiñan algunhas destas titulacións. Ademais, no curso 2020/2021, comezará a impartirse na nosa institución a primeira titulación de grao cunha modalidade virtual dentro do SUG. Esta sería outra das posibles liñas de actuación nas que os centros poderían aproveitar este programa.

Planificación

Os centros que decidan participar neste programa deberán preparar unha proposta inicial de actuacións antes do 1 de xullo, que incluírá, polo menos, unha titulación completa. As proposicións deberán conter, ademais da descrición das actuacións e dos obxectivos previstos, un plan de traballo e as previsións dos gastos necesarios relativos ás infraestruturas, aos equipamentos e a outras necesidades.

A comisión de traballo prevista neste documento reunirase durante os meses de xuño e de xullo, convocada polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, para establecer os mínimos que deberán cumprir as propostas dos centros. Unha vez pechado o prazo, esta comisión fará unha avaliación e, se é o caso, unha proposta de mellora das propostas presentadas, antes de elevalas ao Consello de Goberno.

Finalmente, o Consello de Goberno aprobará, se procede, unha proposta para solicitarlle o financiamento correspondente á consellería da Xunta de Galicia con competencias na materia.

Comisión de traballo

Para a xestión e o seguimento das iniciativas que se propoñan, constituirase unha comisión de traballo da que formarán parte:

- O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado
- O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade
- A técnica superior de Innovación Educativa
- A vicexerenta de Contratación e Servizos Xerais
- O director da Área de Grao
- O director da Área de Posgrao
- 9 decanos/as e directores/as dos centros propios elixidos polo Consello de Goberno (2 de cada ámbito e un do ámbito das ciencias da saúde)
- 3 representantes do estudantado elixidos polo Consello de Goberno
- 3 representantes do PAS elixidos polo Consello de Goberno